

# O Eume como motivo literario

## Medos Romero, Eva Veiga e César Antonio Molina achéganse ao río con desigual acerto

Medos Romero naceu no Alto Eume (Somedes-As Pontes, 1959) e Eva Veiga no Baixo Eume (Ombre-Pontedeume, 1961). Paisaxes moi diferentes pero unidas por un mesmo río. A escritora pontelesa leva na retina desde a nenez a brancura da fría neve do inverno e Eva Veiga a brancura das cerdeiras en flor. A través da obra destas dúas grandes poetas, o río Eume entrou hai tempo na Poesía Galega con maiúsculas. Mais Eva Veiga e Medos Romero non escriben sobre o Eume, escriben desde o Eume, desde a evocación das súas vivencias, desde a memoria colectiva, desde o útero das augas e das fragas, desde a grandiosidade e a pureza do Eume. A literatura de Medos Romero e de Eva Veiga nace da emoción ante a paisaxe, do íntimo diálogo coa auga e coa terra do Eume, dunha convivencia profunda co río. Todo o contrario do que atopamos nos textos de César Antonio Molina, que fala do Eume desde a ollada observadora do viaxeiro, desde a experiencia do paseo, sen chegar nunca a expresar a tensión verbal e o entendemento co cosmos que habita na poesía de Eva Veiga e Medos Romero.

Aínda que o Eume non é o elemento central no conxunto da obra poética de Eva Veiga, si é certo que cando escribire do río ou do seu bosque fáino cunha forza poderosa, conseguindo amar o río até a tristeza, trasladarlle o seu gozo ao lector ou facer que nos invada o medo e a imaxinación:

*Detrás da árbore agóchase o lobo ferz.  
O bosque mesto e invisible.  
O neno sente o medo. É un xermolo  
de palabra que se atranca na garganta  
e ábrese no peito unha chaira  
de ventos afiados e pasos secos,  
extensión inhóspita para as avoas  
e con ferrollos para o sol doce das abellas.  
Alí medrarán por sempre as sombras  
sen reverso e arrastraranse as sílabas  
da conspiración.*

A poeta baixa até o río e preguntalle:

*Dende a íntima e uterina escuridade  
estás a mirarme, acaso?  
Ou, se cadra, eu terei entrevisto o teu rostro  
auténtico entre os que de cote imaxino para ti?*

En Medos Romero o Eume é un río que atravesase case toda a súa obra. No seu amplo corpus poético, conformado até o momento por seis libros, só nun poemario está ausente o Eume. No resto da súa creación lírica –e mesmo en moitos dos seus relatos– o Eume está en toda a súa plenitude, non só o



Medos Romero e, á dereita, César Antonio Molina.

río, senón o Eume como territorio, como espazo natural, cultural, humano e íntimo. A vida e a morte, o tempo milenar, a fugacidade do prodixio, os sons e o silencio, o tesouro da fala popular, a xente, as estacións e as súas cores, os aromas, o día e a noite, o frío, a dureza, a desolación, o misterio, as ausencias...

A poeta é unha persoa que sente e pode esquecerse até de quen é para adentrarse na natureza, para confundirse co cósmico:

*Espida baixo ao pasadoiro  
do camiño do cervo na mañá.  
Pérdome nas fragas para atoparme en min.*

Outras veces a poeta baixa "ao baño fresco / espida ante os ollos do río" ou érguese do lenzo das madrugadas "en corpo de río". E noutros versos lévanos ao mesmo ventre das augas:

*(...) o centro dese pétreo mineral  
no seu destino primeiro.  
Poalla. A sombra laia de quietude.  
Dun lugar case maldito e agochado  
abrolla a vida. O útero dos ríos desprende  
Nas augas, esgaza no lique dormente. Poalla.*

Medos Romero trasládanos igualmente á espesa néboa que invade tantas veces as terras do Alto Eume:

*¿Qué murmura esta choiva,  
este silencio?  
Rabuíño na néboa densa  
que me engule  
e me vai cegando  
de brancura.*

E noutro poema di:

*Unha néboa espesa  
fase adentrando na casa,  
no corpo, nunha.  
Era o inverno zocho.  
Os animais perdíanse  
vagando nos camiños  
cuns ollos de lume aceso.*

César Antonio Molina achegouse un día ao Eume e contemplou fascinado as súas augas. Pouco despois, estando no aeroporto de Pequín, veulle á mente o noso río, e así xurdiu o primeiro poema dun libro que elaborou pertrechado cunha gramática e un dicionario. O resultado é un texto literario sen pulso, sen emoción poética.

Xa podemos observar como Eva Veiga nos instala no medo ao lobo e podemos ver, así mesmo, o tempo intransitábel da densa néboa na palabra de Medos Romero. Vexamos agora a atmosfera da néboa nos versos de Molina:

*O coche cálese.  
O limpaparabrisas cesa.*

*As miñas mans sobre o volante.  
A brama vainos envolvendo a todos.*

Se Romero asocia a néboa aos verbos engulir, cegar e adentrar, Molina utiliza o verbo envolver. Son palabras que ilustran e definen moi ben a capacidade de sentir e de expresar destas tres voces. O interior do Eume está na obra de Veiga e Romero. No poemario de Molina só hai embotamento. Nada dentro que teña a ver coa emoción diante do río e da fraga. Para iso é preciso unha sensibilidade e unha entrega que

o poeta coruñés non alcanza, aínda que non lle falta vontade.

O poeta é demasiado descriptivo:

*Que ledicia dá ver, a unha e outra beira,  
as louzás mazarocas de millo  
en medio de canóns, vales e bosques,  
rubindo por entre mosteiros, castelos,  
pozos, ermidas e torres esmoucadas.  
Imos surcando pontes colgantes,  
aquí de pedra, aquí de madeira,  
sostidas por recios nós de corda e aceiro.*

... e ás veces demasiado pobre na elaboración poética:

*Pesco troitas no Eume.  
Ráspolles as escamas.  
Abroas, arráncolles as espíñas,  
córtoas e cocíñoas.*

Molina non consegue plasmar en ningún momento esa intensa relación coa natureza, esa relación plena co río e coa paisaxe. A vivencia é só intelectual, nunca corporal nin espiritual. O poeta non é capaz de facer súa a forza do río e carece tamén da vivencia profunda para ser co seu verbo a memoria do Eume. Molina non vai máis aló da mera contemplación:

*Miro o río  
e tomo un baño  
coa mente  
nas súas frías augas de xaneiro.*

Só con "pórese a mirar / como pasa o Eume" non se logra a poesía elevada que merece a grandiosidade e a pureza do río e das súas fragas. ♦

MANUEL LÓPEZ FOXO